



ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE EN MERCADILLO NO CONCELLO DE VIMIANZO

Normas xerais.

Capítulo primeiro.

Artigo 1.º

O obxecto desta ordenanza é a regulación da venda ambulante nos mercadillos que se celebren dentro do Municipio de Vimianzo con independencia do seu emplazamento e periodicidade.

Artigo 2.º

Enténdese por venda ambulante a que se leva a cabo fóra dun establecemento comercial permanente, por medio de instalacións desmontables, nas datas e lugares que determine a Corporación Municipal.

Artigo 3.º

Corresponde ó Concello, sin perxuízo das competencias doutras administracións, a ordenación, vixilancia e control do bó funcionamento dos mercadillos.

Artigo 4.º

Para a instalación dun posto de venda ambulante no Municipio será preciso a obtención da autorización municipal, conforme ó procedemento que se especifica na presente ordenanza.

Capítulo segundo.-Postos e autorizacións.

Artigo 5.º .

Tódolos postos de venda deberán contar coa debida autorización municipal.Os postos terán unha ocupación máxima de 10 m.l.de fronte.

A adxudicación dos postos levarase a cabo pola orde de presentación de solicitudes consonte coa dispoñibilidade de espazo existente, e respetando os postos que xa veñen funcionando na actualidade.

As solicitudes de autorización deberán formularse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais, e ás que se xuntará a seguinte documentación:

Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Persoas xurídicas: fotocopia compulsada da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no rexistro mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle fora aplicable. Se non o fora, deberá xuntar escritura ou acto fundacional, nos que contaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritas no seu caso no correspondente rexistro oficial.



Poderes: cando o solicitante non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá xuntarse fotocopia compulsada do poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome do que concorre ante a Administración, así como fotocopia do NIF do apoderado.

Fotocopia compulsada do último recibo acreditativo do pagamento do imposto de actividades económicas correspondente, con indicación do epígrafe ou epígrafes correspondentes e clase (municipal, provincial ou nacional).

Declaración xurada de posuí-la condición de comerciante

Acreditar, se é o caso, a titulación e colexación oficial, así como a prestación das fianzas e aquelas garantías que sexan esixidas pola lexislación vixente para a venda de determinados produtos ou prestación de determinados servizos. No suposto de non estar obrigado a acreditar os extremos antes expresados, presentárase declaración xurada na que se faga constar este pormenor.

Certificación administrativa expedida polo órgano competente acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa seguridade social.

Declaración de quen vai se-la persoa que exercerá a venda no posto solicitado. No suposto de que esta sexa un traballador dependente do solicitante, este presentará fotocopia compulsada do documento que acredite a alta daquel na seguridade social.

Declaración expresa na que o petionario manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o compromiso de observalas.

Fotocopia compulsada do carné de manipulador de alimentos en vigor, no seu caso, se se van vender produtos alimenticios.

Permisos de residencia e traballo, segundo a normativa específica vixente, no caso de que os solicitantes sexan estranxeiros.

Artigo 6.º

As autorizacións serán concedidas polo Alcalde-Presidente, previa comprobación de que concorren no solicitante as condicións e requisitos previstos nesta ordenanza. As autorizacións concederanse a persoas físicas ou xurídicas e terán o carácter de intransferibles, coa excepción do cónxuxe e fillos maiores de 18 anos. Non poderán ser cedidas ou subalugadas a terceiros. Soamente se concederá unha licenza por persoa ou entidade. Terán un período de vixencia de un ano, expresándose na mesma o nome e apelidos do titular, os produtos autorizados, o emprazamento do posto de venda, o número de metros autorizados e o número de posto, sen prexuízo doutras condicións que se establezan no acordo de concesión.

A autorización para o exercicio da venda non dará dereito o seu titular a realizar ningunha ocupación superficial e só autoriza a estacionarse o tempo necesario para realiza-las operacións ou transaccións propias da industria ou oficio obxecto da autorización.

Rematada a vixencia da autorización, os interesados deberán solicitar unha nova autorización coa antelación suficiente ó inicio do novo período.



As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario, e xa que logo poderán ser revogadas polo alcalde-presidente cando se considere conveniente, en atención á desaparición das circunstancias que a motivaron, sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación algunha.

Artigo 7.º

O pagamento da taxa farase por semestres e antes do vencemento do mesmo. O primeiro pagamento farase antes da concesión da autorización. O impago da taxa levará consigo a revocación da autorización municipal.

Capítulo terceiro.-Emprazamento e horarios.

Artigo 8.º

A) Emprazamento: O lugar para a celebración do mercadillo será nas seguintes rúas:

- Rúa Antonio Vazquez Mouzo (Dende o cruce da Rúa Candil ata a Rúa Vilar)
- Rúa Castelao
- Rúa Evaristo Martelo (Den a o cruce da rua Candil ata a Rúa Castelao)
- Rúa Vilar
- Rúa Curros Enríquez
- Rúa Do Candil (Ata cruce Rosalía de Castro)
- Praza do Concello (non se permite a entrada de vehículos, nin facer buratos no pavimento)

B) Datas de celebración: Os días do mercadillo serán tódolos xoves do ano. Non obstante poderanse celebrar mercadillos, debido a acontecementos ou celebracións especiais, os días que determine a Alcaldía.

C) Horario: O funcionamento do mercadillo nos días sinalados será o seguinte:

- c.1) Descarga e instalación: de 7,30 a 10,00 horas
- c.2) Actividade: de 10,00 a 14,30 horas
- c.3) Carga e recollida: de 14,30 a 15,30 horas

Artigo 9.º

O Concello comprométese a mante-lo calendario e os horarios establecidos. Non obstante cando circunstancias derivadas de celebracións ou por motivos de orde público que así o aconsellen poderá suspenderse ou modifica-la celebración do mercadillo.

Capítulo cuarto.-Normas de funcionamento

Artigo 10.º

Soamente se permitirá o despacho ó público no posto autorizado polo seu titular, cónxuxe, descendentes directos ou persoas ligadas ó mesmo por contratos laborais.



As instalacións que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reuniran en tódolos casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podéndose ordena-la retirada das instalacións que non reúnan as devanditas características. Estarán dotadas de protectores que eviten o deterioro ambiental e o contacto directo das mercadorías co público.

Artigo 11.º

Os postos que queden baleiros por abandono ou perda de dereitos quedarán a disposición do Concello que poderá adxudicalos novamente. Os postos que durante a celebración do mercado queden baleiros por ausencia do seu titular, non poderán ser ocupados por outros mentres o seu titular estea en uso da correspondente autorización.

O peche do posto por espacio dun mes, sin causa xustificada, levará consigo a revocación da autorización.

Tamén levará consigo a perda da autorización a ocupación por persoas distintas do titular por ser cedido ou subalugado.

Artigo 12.º

Son obrigas dos titulares autorizados:

- a) Paga-la taxa que se fixe na correspondente ordenanza fiscal reguladora por ocupación de vía pública.
- b) Mante-lo posto aberto ó público debidamente atendido e abastecido.
- c) Acata-las normas de funcionamento do mercadillo.
- d) Limpa-los residuos e os desperdicios dos seus respectivos lugares de venda.
- e) En xeral, cumprir t-odas condicións establecidas nesta ordenanza e demais disposicións legais vixentes que lle sexan de aplicación.

Capítulo quinto.-Artículos autorizados.

Artigo 13.º

Os artigos autorizados para a venda nos postos desmontables son:

13.1) Alimentación: froita, queixos curados etiquetados, embutidos, carnes curadas, patatas, hortalizas e verduras.

13.2) De temporada: árbores de froita, plantas e flores.

13.3) Artesanía e bisutería en xeral

13.4) Xeral: téxtil, calzado e semellantes. E en xeral todo tipo de produtos dos que a súa venda non estea prohibida polas normas vixentes de aplicación.

13.5) Autorízase a venda de produtos de pesca frescos e conxelados, sempre e cando se faga en vehículos isoterma e frigorífico homologados e sempre que se cumpran as normas regulamentarias dictadas polos órganos competentes da Comunidade Autónoma.



Queda prohibida a venda de todos aqueles produtos alimenticios que así o determinen as normas de aplicación da Comunidade Autónoma.

Capítulo sexto.-Infraccións.

Artigo 14.º

O incumprimento do dípoto nesta ordenanza dará orixe á incoación do correspondente expediente sancionador, clasificándose as faltas en leves, graves e moi graves.

14.1.-Son faltas leves:

- O incumprimento dos horarios sinalados para o funcionamento do mercado.
- Non presenta-las autorizacións pertinentes a requerimento do persoal encargado do mercado.
- O uso de altavoces ou megafonía sen autorización.
- Non recolle-los residuos e depositalos nos contedores.

14.2.-Son falta graves:

- A reincidencia na comisión de dúas faltas leves.
- A venda de produtos non autorizados.
- A ocupación de máis espacio do autorizado e a instalación do posto en lugar distinto do concedido.

14.3.-Son falta moi graves:

- A reincidencia na comisión de dúas faltas graves.
- O desacato e desconsideración cos axentes da autoridade encargados da vixilancia do mercado.
- A venda de artigos en condicións deficientes.
- A alteración da orde pública.
- O impago das taxas establecidas.

Artigo 15.º

Sancións:

- 1.º.- Por faltas leves: multa de 15,03 a 30,06 euros
- 2.º.- Por faltas graves: multa de 30,06 a 90,15 euros; suspensión da actividade no mercado
- 3.º.-Por faltas moi graves: multa de 90,16 a 300,51 euros; revocación da autorización.

Artigo 16.º

O procedemento sancionador axustarase ó establecido no Decreto 1398/93, de 4 de agosto e demáis nomas legais de aplicación.

Disposición final.



A presente ordenanza que consta de 16 artigos e unha disposición final, entrará en vigor, unha vez sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia.

A presenta ordenanza publicouse no [BOP Nº 19. Mércores, 23 de xaneiro de 2002](#)